



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E O. U.

ESCOLA PLURINFANTIL O GRUPO

R/ Concepción Arenal, 40 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

Teléf. e Fax: 986 883 151

e-mail: eei.ogrup@edu.xunta.es <http://www.edu.xunta.es> centros eeiogrup

Prezadas familias:

Axiña comezará o período de solicitude de praza escolar para o alumnado que cumpre 3 anos durante o ano 2021. A entrada por vez primeira ao sistema educativo é un momento sinalado, polo que a elección de centro supón unha reflexión importante para as familias.

A Escola Plurinfantil O Grupo é o centro público con maior recorrido temporal deste Concello e ofrecemos a nosa absoluta especialización nesta etapa educativa, ponte entre a gardería ou as familias e o ensino obrigatorio. Como sabemos o que supón para os cativos e as súas familias este paso e o transcurso polo segundo ciclo da educación infantil, podemos axudarvos na toma de decisións e explicarvos non só o noso proxecto educativo, senón o camiño futuro que teñen garantido pola adscrición de centros.

Debido á situación da COVID-19 non imos facer xornada de portas abertas presencial, pero podeades saber máis do noso centro a través do código QR que xuntamos e mediante videoconferencia o martes 23 de febreiro ás 18:30 horas no seguinte enlace: <https://falemos.edu.xunta.gal/XORNADAPORTASABERTASEEIOGRUPO>

Coñeceredes o noso proxecto de centro plurilingüe con auxiliar de conversa nativo e a nosa opción de Comedor no centro e Plan Madruqa.

Non teñades dúbidas e valorade todas as opcións das que dispoñedes para decidir. Vémonos o martes 23 de febreiro.



Un cordial saúdo:

A Dirección